


## *A andoriña das vilas *Delichon urbica* no concello de Gondomar e no resto do Val Miñor\**

ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ

### ANTECEDENTES

Nunca, ata agora, se tiñan censado os niños desta andoriña na comarca do Val Miñor, polo que resulta aventurado dicir que a especie vai a menos como ave nidificante, como asegura a maioría da xente á que lle preguntamos. Pensamos que un censo pormenorizado de niños facíase necesario para no futuro ter unha referencia clara sobre a evolución destes paxaros na bisbarra miñorana, ao tempo que nos pode proporcionar datos precisos sobre a fidelidade destas aves polos seus lugares de cría.



A andoriña das vilas, *Delichon urbica*, amosa unha plumaxe discreta na que se combinan o branco do corpo, o azul metálico do lombo e cabeza e o negro das ás e cola.

### SOBRE O NOME QUE NÓS UTILIZAMOS

Respecto ao nome que lle damos en galego, andoriña das vilas, parécenos o máis apropiado, pois estes paxaros soamente están presentes en grupos de poboación dunha certa entidade, que coincide nunha altísima porcentaxe coa capital do concello: a vila, propiamente dita.

Outros ornitólogos prefiren chamarlles andoriñas de cu branco por ter a rabadiña desta mesma cor. En castelán estas pequenas aves reciben o nome de avión común.

### MATERIAL E MÉTODO. DATAS DO CENSO

O censo realizámolo no verán do ano 2003, a finais do mes de agosto. Nel diferenciamos tres tipos de niños: os que se achaban enteiros, os que estaban máis ou menos derruídos e os que se atopaban soamente marcados nos teitos de cornixas,

\*Fotos de Estanislao Fernández de la Cigoña.

balcóns e viseiras. Igualmente, anotáronse as alturas nas que se achaban, así como a orientación das fachadas que os contiñan. Tívoise en conta, tamén, o material sobre o que o niño estaba pegado: pedra, ladrillo, cemento, madeira, etc.

### O QUE NÓS SABIAMOS DESTAS AVES

Frecuenta máis as vilas que as grandes cidades, sendo relativamente abundante en moitas partes do noso territorio. É unha andoriña pequena que a penas acada os 13 cm de lonxitude. Amósase moi escura por riba (azul mariño lustroso) e branca por abaixo. Ten rabadilla moi visible desta mesma cor. Migradora estival que se achega nos primeiros días de marzo ou, en anos mornos, a finais de febreiro. Pronto empeza a arranxar os niños do ano anterior ou a construír outros novos. Faino en colonias, ás veces moi apertadas, nas facianas das casas e igrexas, na parte de enriba, de forma que a cunca quede cuberta polo saínte da cornixa, quedando entón unha estrutura pechada, case esférica, cunha pequena entrada na parte superior. Está feita, exclusivamente, con pelotiñas de barro. Os dous membros da parella constrúen o niño e, tamén, ambos chocan durante 13 ou 14 días 4 oviños brancos, lisiños e brillantes. Despois de permanecer nel uns 20 días, os poliños abandonan o niño, pero axudan na alimentación dos irmáns das novas postas que se van suceder, polo que se xuntan, ao cabo duns meses, moitos paxaros arredor dun só fogar. Fan ata 3 posturas por ano, iniciando a construción dos niños a pouco de chegar do continente africano.

### ALIMENTACIÓN DE ADULTOS E CRÍAS

As andoriñas das vilas, o mesmo que o resto das especies que nos visitan, consúmen insectos voadores que capturan ao voo. Nos seus niños, e formando parte das camas, atopamos diversos corpos de bolboretas, élitros e patas de escaravellos, etc. que nos falan da súa alimentación. Por iso, a finais do verán coa desaparición dos insectos teñen que emigrar aos cuarteis de invernada no continente africano. Non marchan pola friaxe, como poderíamos pensar nun primeiro momento, senón pola escaseza xeneralizada da súa comida cotiá durante a tempada invernal.

### UN EXEMPLO CLÁSICO BASEADO EN SIMPLES OPERACIÓNS ARITMÉTICAS

Era a penas un rapaz pero aínda lembro que no colexio dos xesuítas de Vigo nos puñan problemas coma este:

· Primeira parte:

Se cada membro da parella de andoriñas fai ao niño unha media de 20 viaxes por hora levando no bico uns 15 insectos e traballando durante dez horas de sol, ¿cantos insectos captura a parella ao cabo do día?

*Resposta:* 1 andoriña x 15 insectos x 20 viaxes = 300 insectos/hora.

2 andoriñas (a parella) x 15 insectos x 20 viaxes = 600 insectos/hora x 10 horas de sol = 6.000 insectos ao día.

*Resposta:* a parella transporta ao niño 6.000 insectos ao día.

· Segunda parte:

Se o período de estancia dos polos no niño dura 20 días ¿cantos insectos captura a parella para os alimentar?

*Resposta:* 6.000 insectos x 20 días = 120.000 insectos.

· Terceira parte:

¿E se fai 3 posturas durante o verán?

*Resposta:* 120.000 insectos x 3 = 360.000 insectos por parella durante o verán.

Se esta cantidade, 360.000 insectos, se multiplicara polo número de niños que temos na provincia de Pontevedra serían... ¡máis de cincocentos millóns de insectos que consumen estas aves durante a tempada de cría alimentando os seus polos!, e sen contar os que os propios adultos comen para se sustentar, a maioría prexudiciais para a agricultura ou para a saúde humana; isto, claro está, nun plano puramente teórico e matemático, pero non exento dalgunha realidade.

Polo tanto, o carácter benéfico deste tipo de aves para a xente que traballa e vive do campo e para a nosa saúde é indubidable, xa que non hai insecticida máis barato, eficaz, persistente e ecolóxico que as aves insectívoras en xeral e as andoriñas, sexa cal fose a especie, en particular.


## OS NIÑOS E O SISTEMA DE CONSTRUCCIÓN

Os niños comezan a facerse por ambos pais pola parte de abaixo, colocando primeiramente unha pequena repisa de barro pegada á parede que, servindo de alicerce, suxeitará toda a estrutura superior, que se vai montando aos poucos cara arriba. A parte inferior do niño é a máis grosa, polo tanto a de máis peso. As paredes son moi irregulares, por unha banda poden ser moito máis grosas que pola outra, ou ter seccións de diferente grosor. Dende esta repisa inicial van construindo os laterais, de dentro cara a fóra, de xeito que as aves fan os niños dende o interior das estruturas. En dous días un niño pode estar xa rematado por completo, tal como sucedeu no garaxe da viúva de J. Domínguez, en Sanguñeda (Mos), do que estivemos pendentes durante a súa feitura.


O maior inimigo dos niños de andoriña é a humidade, que amolenta o barro e fai que se desmoronen axiña, total ou parcialmente. De aí que as aves os fagan en lugares protexidos: baixo cornixas, balcóns e viseiras, para impediren que a chuvia chegue a tocalos, polo menos dun xeito directo.



Na fotografía, podemos apreciar claramente os tres tipos de niños que diferenciamos: os que se achan enteiros, os semiderruídos e os que aparecen soamente marcados, formando un círculo de barro no teito.



Representamos aquí un niño desprendido do leito. Á dereita tal como o vemos por fóra e á esquerda polo seu interior. Mentres externamente a superficie aparece moi enrugada, por dentro vese moito máis pulida.



Sobre a bandeja fomos colocando o diverso material que atopamos baixo a cama do niño. Á dereita: diversas pedriñas e mesturadas con elas uns poucos froitos de aligustre (boliñas negras). Os corpos de bolboretas e insectos fan de colchón pneumático e por riba, a maneira de leito, curtos talos de herbiñas secas.

## CURIOSIDADES DOS NIÑOS

A estrutura é enteiramente de barro. Dous niños que pesamos procedentes de Salvaterra de Miño, e que foron utilizados durante a tempada de cría, pesaron 425 e 430 gramos respectivamente, pero habíaos tamén algo maiores. No seu interior, na cama do niño, atopamos un chan de area finiña de case un centímetro de altura, que procedía das mesmas paredes interiores, que presentan un aspecto pulido, mentres que por fóra os niños vense moi enrugados.

Entre esta area, case po, había diversas pedriñas (as máis diminutas tiñan a penas 2,3 mm e as maiores 8 mm), case todas eran pequenos graos de granito, algúns corpos de insectos alados (bolboretas, carunchos, etc) e graos de aligustre (nun dos niños, ata 20 froitos, pero é que naquelas rúas da vila de Salvaterra de Miño o aligustre é a árbore ornamental por excelencia). A parte superior, na que repousan os ovos, estaba cuberta por pequenos talos de herbiñas secas (a penas uns centímetros, pois as maiores non superaban tan sequera os 6 cm). Faltaban por completo plumas, penuxe e crinas que tanto abundan nos niños doutras aves. En ambos niños, contabilizamos algunhas carrachas, aínda vivas, tanto no interior, na verdadeira cama, como polo exterior, agochadas entre as enrugadas dos graos de barro.

A entrada ao niño non aparece colocada sempre no mesmo lado, xa que pode estar á fronte, á dereita ou á esquerda da parte superior, a que fica pegada ao leito. Ás veces a orientación vén obrigada pola propia estrutura, pois se os niños están amontoados, como ás veces sucede, as entradas fanos nos espazos que fican libres.

## MATERIAL ATOPADO EN DOUS NIÑOS DE SALVATERRA DE MIÑO

Agora, imos analizar o niño por dentro e contamos para iso con dous deles que estiveron ocupados durante a tempada de cría precedente. Recollémolos nunha das colonias máis mestas de Salvaterra de Miño, a que se acha na rúa Marqués de Viana 27, onde se atopa a ferraxería-bazar de Pilar Soto Fernández. A primeiros de

setembro xa estaban enteiramente abandonados, tanto polos adultos coma polos máis novos, así que aproveitamos esta circunstancia para analizar o seu interior, desprendéndoos das paredes nas que estaban fortemente pegados.

	NIÑO 1°	NIÑO 2°
<b>Peso</b> (gramos)	425	430
<b>Altura</b> (mm)	103	130
<b>Anchura</b> (mm)	150	145
<b>Pedriñas</b>	6	31
<b>Corpos de insectos voadores</b>	6	16
<b>Froitos de aligustre</b>	20	11
<b>Pallas e talos de herbas</b>	poucas	menos có outro
<b>Plumas e penuxe</b>	ningunha	ningunha
<b>Ácaros: carrachas vivas</b> (probablemente da especie <i>Ixodes Ricinus</i> )	4	16

#### A IMPORTANCIA DAS COLONIAS DO VAL MIÑOR NO CONTEXTO DA PROVINCIA

Agás o concello de Gondomar, que ocupa un lugar destacado entre as diversas colonias que se achan espalladas pola provincia de Pontevedra, o resto dos concellos pertencentes ao val a penas amosan niños. Segundo datos propios, Gondomar ocupa o posto sexto polo número de niños censados na provincia, tras Pontearreas, Salvaterra, O Porriño, Silleda e Tui, pois conta cun total de 152 niños. Nigrán vai-se xa cara ao posto 24, xa que só atopamos 7 na vila e 1 na Ramallosa. E por último, en Baiona non fomos capaces de achar ningún.

Dos 1679 niños que temos censados en toda a provincia de Pontevedra ao longo do ano 2003, o Val Miñor concentra 159, isto é: o 9,5 % daquel total.

#### CANTIDADE DE NIÑOS POR CONCELLOS NA PROVINCIA


Segundo datos propios (en letra negriña destacamos os concellos que corresponden á bisbarra do Val Miñor), no ano 2003 os concellos da provincia de Pontevedra en relación ao número de niños de andoriña censados ocupaban os seguintes lugares:

- 1°. Pontearreas, que ten 205 niños
- 2°. Salvaterra de Miño, que ten 201 niños
- 3°. O Porriño, que ten 174 niños
- 4°. Silleda, que ten 168 niños (Silleda, 81 e Bandeira, 87)
- 5°. Tui, que ten 154 niños
- 6°. **Gondomar, que ten 152 niños**
- 7°. Lalín, que ten 67
- 8°. Salceda de Caselas, que ten 65
- 9°. A Cañiza, que ten 55

- 10°. Marín, que ten 49 no Seixo
- 11°. Caldas de Reis, que ten 42
- 12°. Cuntis, que ten 41
- 13°. Forcarci, que ten 37 en Soutelo de Montes
- 14°. Vilagarcía de Arousa, que ten 31
- 15°. Cambados, que ten 29
- 16°. Mos, que ten 28 na parroquia de Sanguñeda
- 17°. Moaña, que ten 27
- 18°. Vila de Cruces, que ten 24
- 19°. Rodeiro, que ten 20
- 20°. Fornelos de Montes e Ponte Caldelas con 19 cada un.
- 21°. Cangas e A Estrada, que teñen 12
- 22°. Redondela, que ten 11
- 23°. Pontevedra (cidade), que ten 9
- 24°. **Nigrán, que ten 7**: 6 na capital do concello e 1 na Ramallosa
- 25°. Bueu, Cerdedo e Vilanova de Arousa que contan con 5 cada un
- 26°. Mondariz e Sanxenxo, que teñen 3 cada un
- 27°. Tomiño, que ten soamente 1 (Goián)
- 28°. E por último: Arbo, **Baiona**, Barro, Campo Lameiro, Catoira, Cotobade, O Covelo, Dozón, A Guarda, Illa de Arousa, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz-Balneario, Moraña, As Neves, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Pontecesures, Portas, Ribadumia, O Rosal, Soutomaior, Valga, Vigo e Vilaboa non teñen, ou polo menos nós non fomos quen de descubrir ningún niño en cada un destes lugares.

## AS COLONIAS MÁIS MESTAS DA PROVINCIA

No apartado anterior informamos do número de niños que existe en cada concello, pero agora imos salientar as colonias máis compactas. É dicir: o número de niños que existe nunha determinada e concreta construción.



No segundo dos niños, pola banda da esquerda, podemos apreciar como ás veces as andoriñas das vilas prolongan a entrada formando unha especie de curta galería para obter unha maior protección fronte aos predadores. Nisto parécese as andoriñas das pontes *Hirundo daurica*, aínda que nesta última especie os tubos son moito maiores e protóganse a xeito de corredor.

Neste apartado, Gondomar tamén destaca bastante, pois en toda a provincia soamente oito edificios albergan 25 ou máis niños, e Gondomar ten dous que superan esa cantidade. Efectivamente, onde máis niños se concentran é na nave industrial de "Terrazos Riego", no lugar da Guía, na parroquia de Atios, no

concello do Porriño, que alberga un total de 107 niños, seguíndolle a moita distancia a ferraxería-bazar de Pilar Soto Fernández, na rúa Marqués de Viana, 27, en Salvaterra de Miño con 63 niños. A continuación vén a igrexa parroquial de Nosa Señora do Carme do lugar do Seixo, en Marín, con 49, que reúne sobre ela o total daquel concello, posto que na vila non os atopamos e tampouco os hai noutros lugares. En cuarto lugar está a chamada “Área Panorámica” de Tui, que ten 39, e no quinto, a “Cafetería Gondomar”, na vila deste nome, que ten 36. O edificio da avenida do Conde, número 22, onde está a farmacia de Núñez Gestal, tamén en Gondomar, ocupa o sexto con 27, e por último, “Supermercados Día”, de Salvaterra de Miño, ten 26.

#### CENSOS DE NIÑOS NO CONCELLO DE NIGRÁN

Inspeccionamos o concello o día 28 de agosto de 2003, atopando un só grupo ao pé da estrada xeral Vigo-Baiona ao seu paso pola capital. Deunos a sensación de atoparse nos seus derradeiros instantes. Este grupo debe ser antigo, pois a súa persistente presenza no edificio deulle nome ao hostel que alberga: “Hostal Anduriña”. Ademais, vimos un niño solitario na Ramallosa, no que foi a antiga estación de Tranvías, na marisma do Miñor, hoxe convertida no Fogar da Terceira Idade.

#### NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA VILA DE NIGRÁN

EDIFICIOS OCUPADOS	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Hostal Anduriña	3º	E	2	-	4	6
<b>TOTAIS</b>			<b>2</b>	<b>-</b>	<b>4</b>	<b>6</b>

#### NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA RAMALLOSA (NIGRÁN)

EDIFICIOS OCUPADOS	H	Or	Ent	Semi	Marc	Tt
Estación de Tranvías	1º	E	1	-	-	1
<b>TOTAIS</b>			<b>1</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>1</b>

#### CENSO DE NIÑOS NO CONCELLO DE GONDOMAR

Inspeccionamos a vila o día 28 de agosto de 2003, atopando numerosos grupos de niños, coa sensación de que as colonias se atopaban nun bo momento. Diversas aves voaban polas rúas, entrando algunhas no interior deles para cebar os polos. As colonias espállanse tanto pola parte antiga da vila como polas modernas, ás veces ocupando edificios distantes do núcleo urbano, como pasa na avenida do Conde 22, onde existe un importante grupo de preto de 30 niños. As andoriñas tenden a situalos a media altura, normalmente en segundos e terceiros andares e con preferencia en edificios que amosan as fachadas volteadas cara ao poñente.

**NÚCLEOS DE NIDIFICACIÓN NA VILA DE GONDOMAR**

No cadro, a columna encabezada pola letra “H” danos a altura a que se achaban os niños (B, nun baixo; 1º, no primeiro andar; 2º, no 2º andar e así sucesivamente). “Or” sinala a orientación (N= norte; S= sur; E= leste e W= oeste). “Ent” indica o número de niños enteiros (en perfecto estado); “Semi” os que se achaban semiderruídos; “Marc” os que se atopaban soamente marcados no teito por ter desaparecido o niño; e por último, “Tt”, a suma dos parciais.

<b>EDIFICIOS OCUPADOS</b>	<b>H</b>	<b>Or</b>	<b>Ent</b>	<b>Semi</b>	<b>Marc</b>	<b>Tt</b>
<b>Avda. do Conde, 22</b> (Talleres Román)	3º	W	9	4	7	20
<b>Avda. do Conde, 22</b> (Farmacia Núñez Gestal)	3º	E	-	1	7	8
<b>Rúa Párroco J. Mariño, 5</b>	1º	E	1	1	1	3
<b>Avda. Portugal</b> (Centro Saúde)	1º	E	1	-	-	1
<b>Avda. Portugal, 3</b> (Biblioteca Pública)	2º	W	4	-	-	4
<b>Avda. Portugal, 3</b> (Café San Marcos)	2º	W	2	-	-	2
<b>Avda. Manuel Alonso, 2</b> (Óptica Alemana)	2º	S	2	-	1	3
<b>Avda. Manuel Alonso, 3</b> (Bazar González)	1º	N	1	2	13	16
<b>Avda. Manuel Alonso, 5</b> (Bazar González)	2º	N	1	2	1	4
<b>Avda. Manuel Alonso, 11</b> (Cafetería Gondomar)	3º	N	9	4	3	16
<b>Avda. Manuel Alonso, 11</b> (Cafetería Gondomar)	3º	W	12	4	4	20
<b>Avda. Manuel Alonso, 12</b> (Caffeto)	3º	S	7	3	2	12
<b>Avda. Manuel Alonso, 12</b> (Caffeto)	3º	NW	4	-	1	5
<b>Avda. Manuel Alonso, 13</b>	B	N	3	1	-	4
<b>Praza Manuel Alonso, 6</b> (Alimentación Alameda)	3º	E	-	-	3	3
<b>Avda. Elduayen, 8</b> (Mobles Brito)	3º	W	1	-	3	4
<b>Avda. Elduayen, 13</b> (Seguros Allianz)	3º	S	3	2	1	6
<b>Avda. Elduayen, 13</b> (Seguros Allianz)	3º	E	4	-	-	4
<b>Avda. Elduayen, 13</b> (Seguros Allianz)	3º	W	1	-	2	3
<b>Avda. Curros Enríquez, 2</b> (Establ. Vilanova)	1º	E	2	-	-	2
<b>Avda. Curros Enríquez, 2</b> (Establ. Vilanova)	2º	E	1	-	-	1
<b>Avda. Curros Enríquez, 2</b> (Establ. Vilanova)	3º	E	-	-	8	8
<b>Avda. Eduardo Iglesias, 23</b>	B	E	-	-	3	3
<b>TOTAIS</b>			<b>68</b>	<b>24</b>	<b>60</b>	<b>152</b>



## CENSOS DE NIÑOS NO CONCELLO DE BAIONA

En Baiona non fomos quen de atopar ningún niño cando intentamos a realización do censo a finais do mes de agosto. Pero, así e todo vimos sinais de que puidese haber algún ou, polo menos, que as aves intentaron facelos, pois nun edificio, a gran altura, e na primeira liña de costa, conseguimos ver unha risca de puntos ou graos de barro, que é o primeiro que fan as andoriñas antes da construción da pequena esfera do seu niño. Así mesmo, na data que fixemos a inspección, o 28 de agosto, vimos voar varias aves (ata tres xuntas) sobre o paseo que se acha xunto ao mar, chamado rúa Alférez Barreiro, pero sen conseguir ver ningún niño. Pensamos que quizais haxa algún que escapara á nosa pescuda por acharse situado en lugares agochados e non fáciles de ver dende o chan das rúas polas que transitamos na súa busca.

